

EXCURSIONISMO ▼

■ **Terra de astrónomos. Nas terras do Deza.** Foi en Lalín onde naceu o pai da ciencia en Galicia, o astrónomo e matemático Ramón María Aller Ulloa, e será nesas terras onde visitaremos o primeiro observatorio astronómico de Galicia e o museo que leva o seu nome.

■ **En conexión co cosmos. De Dombate a Laxe.** Na “catedral do megalitismo galego”, en Dombate, construído seguindo unha precisa orientación astronómica iniciaremos esta ruta polo pasado e o presente destes lugares da “Costa da Morte”.

■ **Baños de sol. Viaxando polo Salnés.** O sol foi e segue sendo o motor económico desta comarca. O sol que evaporaba as antigas salinas e deu nome a estas terras, o sol que motivou a construción dos primeiros balnearios en Vilagarcía, o sol que madura hoxe as súas vides, e o sol que enche de persoas as súas praias.

● EXCURSIONISMO	Terra de astrónomos	En conexión co cosmos	Baños de sol e mar
1. PERILLO	28/5/2026	9/7/2026	15/9/2026
2. NÓS	4/6/2026	4/9/2026	1/10/2026
3. MAIANCA-SERANTES-DEXO-BREIXO	11/6/2026	2/9/2026	17/9/2026
4. SANTA CRUZ-DORNEDA-MONTROVE	8/9/2026	2/7/2026	22/9/2026
5. OLEIROS-IÑÁS	10/9/2026	18/6/2026	24/9/2026

OLLADA DE ESTRELAS

Excursionismo nocturno con paseo a pé de 5 Km

■ **Ollada de estrelas na Illa de Sálvora.** Ruta nocturna de observación dos ceos. Paseo en barco desde Cambados ata a illa de Sálvora, onde camiñando gozaremos da paisaxe do solpor e a ollada guiada dos seus ceos. Necesario contar con mobilidade e capacidade física para un paseo nocturno de 5 km.

Ollada de estrelas na illa de Sálvora	
6. PERILLO-NÓS-OLEIROS-IÑÁS	21/5/2026
7. MAIANCA-SERANTES-DEXO-DORNEDA-SANTA CRUZ-MONTROVE	23/5/2026

SENDEIRISMO ▼

Sendeirismo ► Camiñando por Oleiros

Ruta de preparación para coñecerse todas as persoas que se inscriban de sendeirismo.

Deben participar todas as persoas inscritas en sendeirismo, **grupo 8** o 19 de maio e **grupo 9** o 26 de maio.

■ **Lago das estrelas.** Desde a Cova da Serpe a Lagostelle onde “hoxe fun ao mundo enteiro...” como cantaban Os Diplomáticos de Monte Alto inspirándose en Paco Ja.



● SENDEIRISMO	Lago das estrelas	Mareas de Baldaio	Ruta da Luz
8. PERILLO-OLEIROS-IÑÁS-NÓS	2/6/2026	16/6/2026	29/8/2026
9. MONTROVE-SANTA CRUZ-DORNEDA-SERANTES-MAIANCA-DEXO	9/6/2026	30/6/2026	30/8/2026

■ **Mareas de Baldaio.** Veremos a casa grande de Galilea da cidade somerxida que conta a lenda e onde Urbano LUGRÍS imaxinou a Atlántida? Observaremos as aves que visitan a marisma, marcada polas mareas que manexa a forza da lúa, nun espazo natural marcado pola loita histórica para a súa conservación.

■ **Ruta da Luz.** Boimorto, un topónimo que nos indica un lugar pedregoso, de importancia histórica de cruce de camiños, tradición agraria que na actualidade destaca polo “Festival de la Luz” que vamos a visitar.

SENDEIRISMO DE FIN DE SEMANA ►

■ **Cerca do ceo. Paisaxe e arquitectura románica de montaña.** Camiñando polo interior de Galicia, serras, montes e románico.

Cerca do ceo

TODAS AS LOCALIDADES DE OLEIROS

26 e 27 de SETEMBRO

INSCRICIÓN: Para participar debe realizar a **preinscrición preferentemente na Sede electrónica:** <https://sede.oleiros.org/> No caso de que algunha persoa non lle sexa posible realizala así, poderá facelo de maneira telefónica chamando ao teléfono 981 610 000 en horario de tarde de 16:00 a 19:00 horas nos períodos distribuídos por localidade.

Deben inscribirse nos prazos establecidos. Non se terá en conta a orde de inscrición xa que se realizará un sorteo entre todas as solicitudes recibidas.

INSCRICIÓN TELEMÁTICA: na Sede electrónica da web www.oleiros.org

INSCRICIÓN TELEFÓNICA: 981 610 000 de 16.00 a 19.00 h

DATAS DE INSCRICIÓN EN EXCURSIONISMO e ACTIVIDADE NOCTURNA “Ollada das estrelas”

INSCRICIÓN TELEMÁTICA

Desde o 17 ao 27 de abril

INSCRICIÓN TELEFÓNICA

- 1. Perillo: 17 e 18 de abril
- 2. Nós: 20 e 21 de abril
- 3. Maianca - Serantes - Dexo - Breixo: 22 de abril
- 4. Sta. Cruz-Dorneda-Montrove: 23 e 24 de abril
- 5. Oleiros - Iñás: 27 de abril

● **29 de abril:** publicación de listaxes provisionais de persoas preinscritas.

● **2 de maio:** emenda de erros.

● **O día do sorteo será o 4 de maio ás 12.00 horas.** As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 15 de maio.

DATAS DE INSCRICIÓN EN SENDEIRISMO (Todas as localidades)

INSCRICIÓN TELEMÁTICA

Desde o 29 de abril ao 4 de maio

INSCRICIÓN TELEFÓNICA

29 e 30 de abril e 4 de maio

● **6 de maio:** publicación de listaxes provisionais de persoas preinscritas.

● **7 de maio:** emenda de erros.

● **O día do sorteo será o 8 de maio ás 12.00 horas.** As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 11 de maio.

● As persoas admitidas deberán acudir á reunión de formación e confirmación de praza o **14 de maio ás 11:00 horas** nas Torres de Santa Cruz.

DATAS DE INSCRICIÓN SENDEIRISMO FIN DE SEMANA:

(só persoas que participasen en dúas rutas de sendeirismo) (Todas as localidades)

INSCRICIÓN TELEMÁTICA

1-2-3 e 4 de xullo

INSCRICIÓN TELEFÓNICA

1 e 2 de xullo

● **7 de xullo:** publicación de listaxes provisionais de persoas preinscritas.

● **8 de xullo:** emenda de erros.

● **O día do sorteo será o 9 de xullo ás 12.00 horas.** As listaxes de admitidos/as estarán expostas o día 10 de xullo.

● **O 10 de xullo** publicaranse as datas de pagamento e a data da reunión de grupo, na que é obrigatoria a presenza das persoas admitidas.